

Exóticas - Xela Arias

Fonte: youtu.be/-aSSYmhgzPc

Galileo, Homero, Platón, Newton, Kapuściński, Kant, Cervantes, Fleming, Aristóteles, Lorca, Marx, Pulitzer, Tesla, Kant... e poderíamos seguir enumerando a homes que ateigan os libros de historia...

Agora ben.. **esta historia, sen mulleres, está incompleta.**

E para enchela de científicas, pensadoras, mestras, artistas... de mulleres, en definitiva, desde este novo espazo animámosvos a redescubrir connosco, neste e en vindeiros episodios, algunhas das figuras femininas máis relevantes desa historia que as silenciou e as desterrou ás sombras.

Hoxe, comezamos nós.

Xela Arias é a quinta muller á que se lle dedica o Día das Letras Galegas e sáese dos parámetros dos homenaxeados e das homenaxeadas habituais, por varios motivos.

Naceu nunha familia galeguista, en Sarria, e foi educada en galego nos anos 60.

A súa nai e o seu pai tiveron que escoitar cousas como...*“Como le hablan gallego con lo guapa que es...? Si aún fuera un niño...”*. En fin, eran outros tempos... segue pasando....

Con cinco anos trasladáronse a Lugo e con sete a Vigo, onde viviu o resto da súa vida.

“Xela: independencia e liberdade”

Na adolescencia *desmadrouse* dun xeito controlado, pois a pesar do que vamos contar, era moi traballadora e discreta.

En primeiro lugar, decidiu estudar nun instituto mixto, saía todos os días e comezaba a interesarse pola poesía, principalmente a francesa.

Decidiu que o que estaba aprendendo no instituto, ben o podía ter aprendido por outros medios e abandonou o ensino regrado logo de obter o título de bacharelato.

Incorporouse á editorial Xerais como administrativa, polo seu coñecemento do galego, pero despois o seu traballo na empresa foi evolucionando.

Co primeiro soldo comprou unha moto e vestía con chupa de coiro e vaqueiros negros.

Era a movida viguesa. A pesar de seren “malos tiempos para la lírica” os grupos de rock foron unha grande influencia na vida e obra de Xela.

Comezou a participar en recitais converténdose nunha figura rompedora, transgresora, unha muller xoven nun mundo moi masculino.

Con 24 anos, publicou o primeiro libro de poesía, chamada de “poesía urbana” pois até entón a poesía en galego falaba principalmente do rural.

Seguiu un álbum poético ilustrado con fotografía, un produto moi orixinal naquela época.

Voltamos á editorial Xerais, onde Xela xa mudara de emprego, converténdose nunha das primeiras galegas editoras e tradutoras profesionais.

Especializouse na literatura xuvenil, inexistente na época. Gustáballe viaxar polo estranxeiro, ver exposicións, ler, pasar tempo cos seus irmáns pequenos e escoitar música rock.

Compaxinou o seu traballo en Xerais cos estudos de Filoloxía (si, ao final, regresou ao ensino regrado) e ao acabar a carreira tamén traballou como profesora de instituto.

Escribiu o seu terceiro poemario logo de nacer o seu fillo Darío. É un manual poético sobre como acompañar un neno sen marcarlle o camiño, respectando a súa liberdade de elección.

“Vencerse é cousa de se tratar”.

É o último poema do derradeiro libro de Xela Arias, no que nos insta a loitar para mellorar as cousas en vez de resignarnos.

O seu compromiso social é claro, por exemplo na Plataforma contra a Burla Negra, cando foi a catástrofe do Prestige, ou co “Non á guerra de Iraq”.

Xela faleceu en 2003 con 41 anos.

Nas palabras da escritora e crítica Montse Pena, “Foi unha poeta intempestiva que chegou cando ninguén a esperaba e que marcou un camiño propio”.

Podedes ler **“Intempestiva, unha biografía literaria de Xela Arias”**, na nosa biblioteca.